



**AS CANTIGAS DE BURLAS -  
CANTIGAS DE ESCARNIO E MALDICIR**

# ÍNDICE

1. Introducción
2. As diferenzas entre as cantigas de escarnio  
e as cantigas de maldicir
3. Clasificación temática
  - 3.1. Sátira política
  - 3.2. Sátira literaria
  - 3.3. Sátira social
  - 3.4. Sátira obscena



# 1. Introducción. *As cantigas de escarnio e maldicir*

- As cantigas de escarnio e maldicir, constitúen, xunto coas de amor e as de amigo un dos grandes xéneros da lírica galego-portuguesa medieval.
- Trátase de **composicións de carácter burlesco** nas que os trovadores galego-portugueses medievais facían mofa da sociedade da súa época e dos seus vicios e costumes, coa finalidade primordial de **facen rir** o seu público.



## 2. Diferenza entre as cantigas de escarnio e as cantigas de maldicir

Os trobadores medievais distinguían dous tipos de cantigas de burlas: as cantigas de escarnio e as cantigas de maldicir. No entanto, desde a perspectiva actual non resulta doado diferencialas, por iso preferimos tratalas como un único xénero.

### Cantigas de maldicir

- A crítica e a burla fanse de xeito directo.
- Empregan unha **linguaxe directa e explícita**, que moitas veces resulta **obscena**.

### Cantigas de escarnio

- A crítica e a burla fanse de xeito encuberto.
- Empregan **palabras que podían ter un dobre sentido**. Empregan o recurso do **equívoco**, que consiste en xogar co dobre sentido das palabras.

# Actividade: *Cantiga de escarnio ou cantiga de maldicir?*

Autor: **Afonso Eanes do Cotón**

Mari' Mateu, ir-me quer'eu d'aquén,  
porque non poss'um cono baratar;  
alguen que mi o daría nono tem,  
e algua que o tem non mi o quer dar.

*Mari' Mateu, Mari' Mateu,  
Tan desejosa ch'es de cono com'eu!*

E foi Deus já de conos avondar  
Aqui outros, que o non na mester,  
e ar feze-os muito desejar  
E min e ti, pero que ch'es molher.

*Mari' Mateu, Mari' Mateu,  
Tan desejosa ch'es de cono com'eu!*

Nesta cantiga, o trovador búrlase abertamente da soldadeira Mari' Mateu, que é criticada pola súa homosexualidade: *Mari' Mateu, tan desexosa é de cono coma eu.*

## **Paráfrase:**

María Mateu, quérome ir de aquí / porque non podo conseguir un *cono* / alguén que mo daría non o ten / e algunha que o ten, non mo quere dar. / María Mateu, María Mateu / Tan desexosa é de cono coma eu. / E Deus deu conos en abundancia / mesmo a quen non o precisa / e tamén os fixo desexar / a min e a ti, pero es muller / María Mateu, María Mateu...

# Actividade: *Cantiga de escarnio ou cantiga de maldicir?*

Autor: Afonso Eanes do Cotón

Mari' Mateu, ir-me quer'eu d'aquén,  
porque non poss'um cono baratar;  
alguen que mi o daría nono tem,  
e algua que o tem non mi o quer dar.

*Mari' Mateu, Mari' Mateu,  
Tan desejosa ch'es de cono com'eu!*

E foi Deus já de conos avondar  
Aqui outros, que o non na mester,  
e ar feze-os muito desejar  
E min e ti, pero que ch'es molher.

*Mari' Mateu, Mari' Mateu,  
Tan desejosa ch'es de cono com'eu!*

Nesta cantiga, o trobador búrlase abertamente da soldadeira Mari' Mateu, que é criticada pola súa homosexualidade: *Mari' Mateu, tan desexosa é de cono coma eu.*

**É unha cantiga de maldicir, emprégase unha linguaxe directa, sen dobres sentidos**

## Paráfrase:

María Mateu, quérome ir de aquí / porque non podo conseguir un *cono* / alguén que mo daría non o ten / e algunha que o ten, non mo quere dar. / María Mateu, María Mateu / Tan desexosa é de cono coma eu. / E Deus deu conos en abundancia / mesmo a quen non o precisa / e tamén os fixo desexar / a min e a ti, pero es muller / María Mateu, María Mateu...

# Actividade: *Cantiga de escarnio ou cantiga de maldicir?*

Autor: **Pero da Ponte**

Maria Pérez, a nosa cruzada,  
quando veu da terra d'Ultramar,  
assi veu de perdom carregada  
que se nom podia com el merger;  
mais furtam-lho, cada u vai maer,  
e do perdom já nom lhi ficou nada.

E o perdom é cousa mui preçada  
e que se devia muit'a guardar;  
mais ela nom há **maeta** ferrada  
em que o guarde, nen'a pod'haver,  
ca, pois o cadead'en foi perder,  
sempr'a maeta andou descadeada. (...)

## **Paráfrase:**

María Pérez, a nosa cruzada, / cando veu da  
terra de Ultramar, / veu tan cargada de  
perdón, / que non podía con el moverse; /  
pero róubanollo (o perdón), en cada lugar no  
que dorme / e do perdón xa non lle quedou  
nada. / E o perdón é cousa moi prezada / e  
que se debía moito gardar; / pero ela non ten  
maleta pechada / en donde gardalo, nin a  
pode ter, / porque perdeu o candado e a  
maleta andou sempre desencadeada...

# Actividade: *Cantiga de escarnio ou cantiga de maldicir?*

Autor: **Pero da Ponte**

Maria Pérez, a nossa cruzada,  
quando veu da terra d'Ultramar,  
assi veu de perdom carregada  
que se nom podia com el merger;  
mais furtam-lho, cada u vai maer,  
e do perdom já nom lhi ficou nada.

E o perdom é cousa mui preçada  
e que se devia muit'a guardar;  
mais ela nom há **maeta** ferrada  
em que o guarde, nen'a pod'haver,  
ca, pois o cadead'en foi perder,  
sempr'a maeta andou descadeada. (...)

Faise unha crítica doutra famosa soldadeira:

**María Pérez**, alcumada **A Balteira**.

Aparentemente, cóntase como María Pérez foi á Terra Santa (*a terra d'Ultramar*) e volveu de alí coa maleta (*maeta*) cargada de perdón. Porén, vai perdendo o perdón porque a súa maleta non está pechada, non ten candado, e róuballe nela pola noite.

A cantiga agocha un dobre sentido. A palabra **maeta** significaba tamén 'órgano sexual feminino'. Así pois, estamos perante unha **cantiga de escarnio**: non se fai unha crítica directa, senón que se xoga co dobre sentido das palabras (equívoco).

# 3. Clasificación temática



## Cantigas de burlas

a. Sátira política

b. Sátira literaria

c. Sátira social

## Sátira política

- Crítica dos problemas políticos e militares do século XIII.

## Sátira literaria

- Crítica e burlas doutros trovadores e xogares, colegas de profesión que supostamente facían mal o seu traballo.
- Parodias do código do amor cortés

## Sátira social

- Críticas a diferentes grupos sociais. Os grupos máis atacados foron os infanzóns (nobres de segunda categoría) e os cregos, frades e monxas.



**EXEMPLOS**

# Sátira política

- Crítica dos problemas políticos e militares do século XIII.

O que da guerra levou cavaleiros  
e a sa terra foi guardar dinheiros  
*nom vem al maio.*

O que da guerra se foi com maldade  
e a sa terra foi comprar herdade,  
*nom vem al maio.*

O que da guerra se foi com nemiga  
pero nom veo quand' é preitesia,  
*nom vem al maio. (..)*

Autor: **Afonso X**

Crítica de Afonso X aos nobres que o abandonaron na guerra de Granada, traizoándoo e negándolle a súa axuda.



## Sátira literaria

- Crítica e burlas doutros trovadores e xogares, colegas de profesión que supostamente facían mal o seu traballo.

*- Lourenço jogar, hás mui gram sabor  
de citolares, ar queres cantar,  
des i ar filhas-te log'a trovar  
e teens-t'ora já por trovador;  
e por tod'esto ãa rem ti direi:  
Deus me confonda, se hoj'eu i sei  
destes mesteres qual fazes melhor!*

*- Joam Garcia, são sabedor  
de meus mesteres sempre deantar,  
e vós andades por mi os desloar;  
pero nom sodes tam desloador  
que, com verdade, possades dizer  
que meus mesteres nom sei bem fazer;  
mais vós nom sodes i conhocedor.*

Cantiga dialogada entre o trovador Joam Garcia de Guilhade e o xograr Lourenço. O trovador acusa ao xograr de non saber trovar e o xograr deféndese da crítica.

# Sátira literaria

- Parodias do código do amor cortés

Ai dona fea, fostes-vos queixar  
que vos nunca louv'en[o] meu cantar;  
mais ora quero fazer um cantar  
em que vos loarei todavia;  
e vedes como vos quero loar:  
dona fea, velha e sandia!

Dona fea, se Deus mi perdom,  
pois havedes [a]tam gram coração  
que vos eu loe, em esta razom  
vos quero já loar todavia;  
e vedes qual será a loaçom:  
dona fea, velha e sandia!

Dona fea, nunca vos eu loei  
em meu trobar, pero muito trobei;  
mais ora já um bom cantar farei  
em que vos loarei todavia;  
e direi-vos como vos loarei:  
dona fea, velha e sandia!



**Autor: Garcia de Guilhade**

Parodia do amor cortés. En lugar de cantarlle á *senhor* perfecta das cantigas de amor, o poeta troba para unha *dona fea, velha e sandía*.

# Sátira social

- Críticas a diferentes grupos sociais. Os grupos máis atacados foron os infanzóns (nobres de segunda categoría) e os cregos, frades e monxas.

A um frade dizem escaralhado,  
e *faz pecado* quem lho vai dizer,  
*ca*, pois el sabe *arreitar* de foder,  
cuid'eu que *gai* é, de *piss'arreitado*;  
e pois emprenha estas com que *jaz*  
e faze filhos e filhas *assaz*,  
ante lhe dig'eu bem encaralhado.

Escaralhado nunca eu diria,  
mais que traje caralho arreite,  
ao que tantas molheres de leite  
tem, *ca* lhe parirom trê em um dia,  
e outras muitas prenhadas que tem;  
e atal frade cuid'eu que mui bem  
encaralhado per esto seria.



Autor: **Fernando Esquío**

- Faz pecado: *fai pecado, peca*
- Ca: *xa que*
- Arreitar: *ter potencia*
- Gai: *alegre*
- Piss'arreitado: *pene potente*
- Estas con que jaz: *con que se deita*
- Assaz: *bastantes*
- Traje: *trouxo*

Críticase a vida luxuriosa que levan os frades,  
moi afastada do que manda a relixión.